



## BANDO

### XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

Don Alberto Cortizas Rejo, Alcalde en funcións do Concello de Monfero, pon en coñecemento da veciñanza:

Que, de conformidade co disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, así como na normativa que a desenvolve, todas as persoas propietarias, titulares, arrendatarias, usufrutuarias ou responsables de terreos e parcelas situadas no termo municipal teñen a obriga de realizar a adecuada xestión da biomasa vexetal co obxecto de previr incendios forestais e garantir a seguridade das persoas e dos bens.

**As labores de xestión da biomasa deberán estar realizadas antes do 31 de maio de cada ano sen prexuízo da obriga de manter as parcelas en condicións adecuadas durante todo o ano.**

As persoas responsables das parcelas deberán: Manter limpas de maleza, toxos, silvas, fentos e demais biomasa vexetal as franxas de protección establecidas pola normativa, retirar as especies arbóreas prohibidas nas franxas secundarias de xestión da biomasa, evitar a acumulación de restos vexetais ou materiais inflamables nas parcelas e manter as condicións de seguridade durante todo o ano, especialmente na época de alto risco de incendios.

Segundo a normativa vixente, establécense as seguintes franxas obrigatorias de xestión da biomasa: Arredor de vivendas, edificacións e instalacións illadas deberá manterse unha faixa de **50 metros libres de biomasa forestal** arredor de vivendas, urbanizacións, depósitos, cámpings, parques industriais, instalacións e edificacións.

Dentro desa faixa, nos primeiros **30 metros** non poderá existir continuidade da biomasa arbórea e arbustiva, as copas das árbores deberán manter unha separación mínima de **7 metros** entre si e as pólas deberán gardar unha distancia mínima de **2 metros respecto do chan**. Nas marxes das vías de titularidade municipal deberán respectarse as distancias de seguridade establecidas na normativa autonómica.

Nas franxas secundarias de protección está prohibida a presenza das seguintes especies: Eucalipto, piñeiro, acacia, mimosa e outras especies pirófitas recollidas na normativa autonómica. Estas especies deberán retirarse cando se atopen dentro das distancias obrigatorias.



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

O incumprimento destas obrigas poderá dar lugar a apertura de expediente sancionador, imposición de multas conforme á lexislación vixente e execución subsidiaria por parte da Administración, repercutindo ás persoas responsables os custos derivados dos traballos realizados.

Poderán consultar as parcelas afectadas no seguinte visor da Xunta de Galicia:  
<https://mapas.xunta.gal/visores/faixas>

O Concello de Monfero solicita a colaboración e responsabilidade de toda a veciñanza para contribuír á protección das persoas, das vivendas, do monte e do patrimonio natural do municipio.

En Monfero na data da sinatura dixital deste documento.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)